

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

BERGONDO

Secretaría

Modificación composición Xunta de Goberno Local

Modificación da composición da Xunta de Goberno Local

Con data 13 de decembro de 2016, por esta alcaldía ditouse a Resolución núm. 1249/2016, que deseguido se transcribe íntegramente:

“Alejandra Pérez Máquez, alcaldesa-presidenta do Concello de Bergondo (A Coruña)

Modificación da composición da Xunta de Goberno Local

Segundo o disposto nos artigos 23 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, artigos 59.2.b) e 65.1 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia, e artigo 35.2 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, a Xunta de Goberno Local é un órgano necesario do Concello, e se integra polo alcalde-presidente e un número de concelleiros non superior a un tercio do número legal de membros da Corporación que é de trece, sen que para este cómputo se teñan en conta os decimais.

Ante o pacto de goberno formalizado polo PSdeG-PSOE e SONde Bergondo-ANOVA, dando lugar a unha nova composición do Goberno municipal, tense procedido a reestruturar as áreas de goberno por Resolución núm. 1248/2016, do 13 de decembro, para adaptalas máis á nova composición do mesmo, polo que procede así mesmo, o cambio na composición da Xunta de Goberno Local.

Corresponde á alcaldía o nomeamento dos membros da Xunta de Goberno; no uso das atribucións legalmente conferidas, pola presente, **RESOLVO:**

PRIMEIRO. Cesar como membro da Xunta de Goberno Local á concelleira D^a Patricia M.^a Vázquez Figueroa.

SEGUNDO. Nomear membros da Xunta de Goberno Local aos/ás seguintes concelleiros/as:

D. Juan Antonio Fariña Pedreira

D. Francisco Javier Santos Maseda

D^a M.^a Begoña Calviño Dorado

D. José Ramón Lorenzo Carou

TERCEIRO. Da presente resolución, darase coñecemento ao Pleno na primeira sesión que celebre consonte co artigo 38 do ROF, notificándose ademáis persoalmente aos interesados e publicarase no Boletín Oficial da Provincia, tendo efectos o cese e nomeamentos a partir do 1 de xaneiro de 2017, conforme se indica no artigo 52.4, en relación co artigo 46 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais”

Bergondo, 21 de decembro de 2016

A alcaldesa

Alejandra Pérez Máquez